


Galicia, país das letras



literatura

cantigas

tradición oral

dinamización lingüística

divulgación cultural

expresión oral e musical

UNHA PROPOSTA LÚDICA E PARTICIPATIVA
CUNHA POSTA EN ESCENA ÚNICA E ORIXINAL

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

É dun proxecto que procura achegar dunha maneira participativa, lúdica e potenciando aspectos orais, contidos culturais vencellados coa lingua, co patrimonio inmaterial e coa literatura galega a nenos/as de Primaria.

A relación cos contidos curriculares das áreas de literatura e lingua galegas e de educación física son manifestas, pero tamén se traballan aspectos e contidos procedimentais e actitudinais a través da proposta de actividades e de maneira continuada: o traballo en equipo, o desenvolvemento da creatividade, a expresión oral e musical, a revaloración do patrimonio inmaterial galego... estarán presentes e son o valor engadido de 'Galicia, país das letras'.

A través dunha posta en escea teatral e con formato de gran feirón, os educadores/as propóñenlle aos nenos e nenas participantes unha serie de retos que van ter que superar, de maneira rotatoria e cooperativa ao mesmo tempo.

Na convocatoria deste ano 2012, engadimos probas que traballan a vida e obra de Valentín Paz-Andrade, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, polo que 'Galicia, país das letras' tórnase como proposta ideal para celebrar esta especial data.

ASPECTOS ORGANIZATIVOS

DURACIÓN

90 minutos

DESTINATARIOS

Para grupos de ata 50 nenos/as de 6 a 12 anos

REQUISITOS DO ESPAZO

Espazo amplo e con boa acústica (ximnasio, pavillón ou patio exterior no caso de non chover)

PREZO

400 € por unha sesión

500 € por dúas sesións nunha mesma mañá ou tarde

XANDOBELA, XESTIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL

Xandobela é unha iniciativa de Educación Non-Formal e Dinamización Sociocultural nada no 2005 en Compostela, con vocación universal radicada na realidade galega.

Xandobela é un colectivo novo que traballa os vellos eidos da cultura e da relación entre as persoas, favorecendo a actitude integradora, creativa e lúdica.

Promoven Xandobela persoas educadas no asociacionismo galego, con experiencia no traballo sociocultural en distintos colectivos e programas e con ampla formación en Pedagogía, Educación Social e Dirección de Actividades de Lecer e Tempo Libre.

Xandobela é unha equipa de educadores/as con habilidades para a dinamización de grupos e capacidade técnica para concebir e xestionar programas sociais e culturais.

PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN

Alén dos obxectivos de cada proxecto concreto que desenvolvamos, existen uns principios de intervención comúns e determinantes, característicos da filosofía de traballo e da intencionalidade educativa que procuramos:

- Na vida: a cultura da paz, a coeducación, a ecoloxía, a solidariedade, o entendemento intercultural, a nonviolencia, a cultura participativa.
- No país: o compromiso coa cultura galega e coa lingua de xeito especial.
- Nas persoas: a autoestima individual e grupal mediante a creatividade e o constructivismo fronte ao consumismo, dándolle protagonismo real á cidadanía.
- Na acción educativa: impulso da participación crítica, activa e creativa das persoas, proximidade e adaptabilidade das nosas intervencións.

De xeito especial, promocionamos a lectura, as letras, a lingua, a cultura, o patrimonio, a arte... pivotando nas súas potencialidades lúdicas, expresivas e creativas e conxugando o disfrute coa aprendizaxe e divulgación cultural. Son

moi numerosos os proxectos que vimos desenvolvendo ao longo de todos estes anos, chegando a especializarnos no deseño de proxectos novidosos, participativos e creativos en torno a literatura galega e a divulgación da vida e obra dos persoeiros ilustres homenaxeados nos Días das Letras. Realizamos Unidades Didácticas, charlas lúdicas, xincanas literarias, animacións para escolares, contacontos... ao longo e ancho de toda a xeografía galega.

Por outra banda, o xogo é a ferramenta principal de traballo de Xandobela, o noso eixo vertebrador, presente en todas as nosas actividades, proxectos e intervencións. “Xandobelar” é “Xogar” en barallete. Unha das nosas apostas é revalorizar o papel que o xogo ten na vida das persoas. Xogando aprenden os cativos a ser adultos. Xogando aprenden os adultos a ser cativos. XANDOBELA educamos mediante o xogo, mediante o xogo captamos e transmitimos coñecementos...

Xandobela conta cun amplo número de colaboradores estables, profesionais da educación non-formal, da animación sociocultural, da divulgación cultural, da dinamización lingüística e da comunicación social, cunha gran experiencia en proxectos e programas de desenvolvemento comunitario. Pero quen coordena esta equipa de maneira constante son:

- **Nerea Couselo:** Licenciada en Pedagogía; Diplomada en Educación Social; Monitora e Directora de Actividades no Tempo Libre; Directora de Campos de Traballo; Técnica en Xestión de Ludotecas; Máster en Promoción da Lectura e Literatura Infantil e Xuvenil.
- **Brais Fernández:** Licenciado en Historia; Monitor de Actividades no Tempo Libre; Posgrao en Teatro, Teoría e Práctica da Interpretación; Experto en Políticas e Programas Europeos; contacontos e actor.
- **Chus Caramés:** Técnica en Animación Sociocultural; Técnica en Condución de Actividades Físico-deportivas no Medio Natural; investigadora no campo do patrimonio inmaterial galego, en especial da música, danza e literatura oral.